

**ACTO ACADÉMICO INSTITUCIONAL DE CLAUSURA DOS ACTOS DO 50 ANIVERSARIO DA
LICENCIATURA DE MATEMÁTICAS NA USC E DA FESTIVIDADE DO SAN ALBERTE MAGNO
Aula Magna - Facultade de Matemáticas - 14 de novembro de 2008**

Esbozo biográfico de ANTONIA FERRÍN MOREIRAS
Josefina Ling Ling

A nosa madriña do 50 Aniversario da Licenciatura de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela, a Doutora Dona Antonia Ferrín Moreiras, Antoñita como a ela lle gusta que a chamen os seus achegados, naceu en Ourense o 13 de maio de 1914, pero cando contaba 6 anos trasladouse coa súa familia a Santiago de Compostela. O motivo principal foi que seu pai, persoa dedicada tamén ao ensino das Matemáticas, tiña en mente dar ás súas catro fillas, das cales ela é a terceira, o mellor futuro que ninguén puidera ofrecerlles: "unha carreira universitaria"!

Para iso, Dona Antonia realiza os seus estudos de bacharelato no Instituto Nacional de Ensino Medio Arcebispo Xelmírez de Santiago de Compostela. Unha vez finalizados, o seu gusto e interese polas materias de Ciencias lévana a matricularse en 1930 na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago, onde por aquela época só se impartía a carreira de Químicas. O acceso á oferta de matrícula gratuíta para familias con poucos recursos, durante os primeiros anos, e o disfrute de bolsas durante os últimos, permítenlle obter, no período da II República, a licenciatura en Química e o título de Mestra nacional.

A súa relación coa docencia comezou moi cedo. En 1934, recen licenciada, xa era profesora axudante de prácticas das materias de Física e Matemáticas na Facultade onde estudou, posto que compaxinaría co de axudante interina da sección de Ciencias do Instituto de Santiago ata o ano 1936, exercendo en ámbolos dous casos de xeito gratuíta. Á par, realizaba a carreira de Farmacia e os dous únicos cursos de Ciencias Exactas (como eran denominados en aquel entón os estudos de Matemáticas) que se impartían na Universidade de Santiago.

Os tres anos seguintes corresponden a un dos momentos máis difíciles da historia de España do século pasado que á moza Antoñita lle tocou vivir: a Guerra Civil. Durante este período, a Universidade paralizouse por completo e ás penurias propias da conflagración veuse sumar unha denuncia anónima que salpicou tamén a súa vida profesional. Efectivamente, en 1937 foi sancionada, por motivos políticos, coa inhabilitación para o desempeño de cargos directivos e de confianza, o que provocou a súa separación da docencia en secundaria.

Finalizada a Guerra Civil e retomada a vida académica universitaria, a súa causa foi revisada, obtendo a rehabilitación en 1940, o que lle permitiu reincorporarse ese mesmo ano no seu posto docente da Facultade de Ciencias.

É na década dos 40, da man do Catedrático Enrique Vidal Abascal de quen foi primeiro profesora axudante e despois adxunta, cando coñece ao Doutor Ramón María Aller, quen a introduce no mundo da Astronomía. Con él comeza o seu periplo investigador no Observatorio Astronómico da Universidade de Santiago, converténdose durante máis de 18 anos na súa colaboradora máis fiel, disciplinada e meticulosa tanto nos traballos de gabinete coma nos de observación.

Efectivamente, pronto o manexo de instrumentos astronómicos como o telescopio refractor de 12 cm ou o anteollo de pasos non tiveron segredos para ela, o que lle levou a efectuar dende medidas micrométricas de estrelas dobres, ata pasos de estrelas por dúas verticais e ocultacións de estrelas pola Lúa. Os seus resultados atópanse publicados na revista española de astronomía Urania.

Unha anécdota dos seus tempos como observadora, que adoita lembrar Dona Antonia, é o intenso frío padecido baixo a cúpula durante as noites do inverno compostelán, sen a posibilidade de abrigarse cuns pantalóns, peza que por aquel entón non se consideraba feminina e que soamente as actrices de cinema máis atrevidas ousaban lucir na gran pantalla, ou mesmo de poñer uns “pantys”, pois daquela a súa comercialización non era tan popular como o é hoxe en día.

En 1950 consegue outra proeza, a de licenciarse en Ciencias Exactas na Universidade Central de Madrid, tras estudar como alumna libre os tres cursos que lle faltaban. Ese mesmo ano o CSIC concedeulle tamén unha bolsa para realizar tarefas de investigación no Observatorio Astronómico, bolsa que en 1952 se converteu nun posto de axudante de investigación.

Ao ano seguinte gaña, por oposición, unha praza de catedrática numeraria de Matemáticas na Escola Normal de Maxisterio de Santander que ocupará durante dous anos, despois dos cales regresa a Santiago onde se incorpora por concurso de traslado na Escola Normal Feminina.

En 1957 ao crearse a sección de Matemáticas da Facultade de Ciencias, Dona Antonia Ferrín convértese na súa primeira profesora, impartindo numerosas materias e participando activamente nos primeiros anos de vida deste centro. Durante este tempo non deixa de seguir investigando baixo a dirección de D. Ramón María Aller, quen xunto co Doutor Vidal Abascal, a animan e axudan a realizar, tamén por libre, os cursos de doutorado na Universidade Complutense de Madrid. Froito de todo este esforzo foi a lectura da súa tese doutoral en 1963 titulada "Observacións de pasos por dúas verticais", que tivo ademais o dobre mérito de ser a primeira memoria de Astronomía e a primeira que se defendeu nesta Facultade de Matemáticas da USC.

Ese mesmo ano foi nomeada Catedrática Numeraria de Matemáticas na Escola de Maxisterio "Santa María" de Madrid.

A partir de entón abandona Santiago para exercer as súas funcións nesta institución. Unha vez afincada en Madrid, o Doutor D. José María Torroja Menéndez, Catedrático de Astronomía da Facultade de Matemáticas da Universidade Complutense de Madrid e que formou parte do tribunal da súa tese, reclama os seus servizos para dar clase na devandita Universidade. A doutora Ferrín acepta a proposición e convértese en profesora adxunta, compaxinando esta labor coa súa docencia na escola de Maxisterio. Foi precisamente durante este período de tempo, concretamente no curso 1979-80, cando eu mesma tiven o privilexio de ser alumna súa na materia de Mecánica Celeste, onde con singular maestría nos explicaba o Moulton, libro de texto que por aquel entón era para nós pouco menos que a Biblia desta materia.

En 1984 Dona Antonia xubíbase e a partir de entón reparte o seu tempo entre Madrid e Santiago, ata que dende hai aproximadamente 4 anos, por motivos familiares e de saúde, decidiu establecerse definitivamente en Santiago.

Así pois, a doutora Dona Antonia Ferrín, estudante e traballadora infatigable, e docente versátil ao longo dos seus máis de 50 anos dedicados a este labor, foi pioneira desta Facultade de Matemáticas en diferentes fronteas: foi a primeira muller en formar parte do seu cadro de profesores, a primeira en realizar traballos de investigación en Astronomía, a primeira en defender unha tese doutoral e, como non podía ser doutro xeito, en recoñecemento a toda esta traxectoria, será a primeira muller que terá unha aula co seu nome neste edificio que hoxe alberga a actual Facultade de Matemáticas.

E aínda que ela na súa modestia insiste en afirmar que o seu único mérito é vivir tantos anos, eu quero dicilo en nome de todas e todos: grazas Dona Antonia, por estar aquí e por ser unha estrela viva, modelo no firmamento das futuras xeracións dos profesionais das Matemáticas.

Josefina F. Ling
Profesora Titular de Universidade
Facultade de Matemáticas da USC
Santiago de Compostela, 14 novembro 2008